

CONTRATO – PROGRAMA INCLÚE

A Consellería de Educación, Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades concedeunos a comezos de ano o **Contrato-Programa Inclúe** (CP-Inclúe) na modalidade solicitada Inclúe-T.

Segundo consta na resolución do 12 de xuño de 2023, que regula os Contratos-Programa Inclúe, esta modalidade consiste nun <<Conxunto de medidas que fomenten e melloren a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado>>

Na memoria presentada polo noso Centro, comprometemos as seguintes actuacións:

- 1. Levar a cabo, por parte de profesorado voluntario, titorías, con alumnado con problemas lingüísticos, culturais, ou outros.*
- 2. Fomentar a titoría entre iguais, experimentándoa no marco do presente programa.*
- 3. Promover a interculturalidade, poñendo en valor as nacionalidades representadas no instituto.*
- 4. Impulsar a participación de familiares do alumnado no fomento da inclusión no centro.*
- 5. Recibir, a comunidade educativa, formación específica sobre algún aspecto concreto relacionado coa inclusión.*

Para máis información sobre os Contratos-Programa Inclúe da Xunta de Galicia preme [aquí](#).